

MEMORIA FIN DE CURSO

1.- ESPAZO

A aula de 3º está situada no 2º andar e ocupa un espazo de 54 metros cadrados. A aula conta cunha PDI, biblioteca de aula, xogos didácticos e material funxible.

2.- ACTIVIDADES

A nivel de aula fixemos actividades de comprensión, lectura, escritura, razoamento, resolución de problemas da vida cotiá e coñecemento do medio que nos rodea. Este curso traballouse de forma específica a escritura ao longo do tempo e os diversos tipos de escritura, o que resultou moi enriquecedor e motivador para o alumnado.

Ademais participamos nas diversas actividades dos distintos departamentos de biblioteca e normalización tendo moi boa acollida por parte do alumnado.

3.- RECURSOS

Ao longo do curso utilizáronse diferentes recursos para o apoio da aprendizaxe, libros de texto, biblioteca, ordenadores, tablets, PDI, fichas e xogos lúdico-pedagóxicos.

4.- CURRÍCULO

Como todos os anos, fíxose unha avaliación inicial para descubrir o nivel de competencia curricular do alumnado entre outros. Unha vez que obtivemos os resultados, procedeuse a adaptar a programación.

Este curso levouse a cabo de novo unha aprendizaxe cooperativa en grupos de traballo. A avaliación foi un proceso continuo onde valorouse moito o traballo diario coa observación e corrección das tarefas.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

O alumnado participou activamente e de forma positiva nas distintas actividades propostas dende a aula. Tamén houbo unha gran participación nas variadas e múltiples actividades propostas dende a biblioteca, que os alumnos e alumnas fixeron de forma voluntaria.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E I MPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

Ao principio de curso fixemos unha reunión xeral coas familias para explicar a metodoloxía de traballo así como aspectos do currículo e a marcha da clase. A asistencia dos pais á mesmas foi satisfactoria.

Do mesmo xeito realizamos diferentes reunións con diferentes familias de forma individual ao longo do curso, nalgunhas ocasións solicitadas pola mestra titora e noutras polos pais.

As familias en xeral implícanse na educación dos seus fillos de forma satisfactoria, aínda que hai algunhas que non.

6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

Todo o profesorado do centro levou a cabo unha boa organización e coordinación entre eles con respecto ás actividades desenvolvidas ao longo do curso, así como tamén coas familias do alumnado, facendo todo o posible para potenciar a participación das mesmas nas actividades a nivel de aula e de centro.

7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

O curso de 4º de EP estivo composto por un total de 25 alumnos e alumnas dos cales todos promocionan aínda que seis deles pasan con algunha materia suspensa.

8.-DIFICULTADES ATOPADAS

Ao longo do curso non houbo grandes dificultades á hora de levar a cabo a programación, a maior dificultade foi o non poder dar resposta a todas necesidades de nenos en relación ao departamento de orientación debido ás poucas horas que a orientadora ten á semana no centro así coma a profesora de Pedagogía Terapéutica. Este curso notáronse moito de forma favorable os apoios recibidos pola profesora de PT.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

Cara ao vindeiro curso o que se propón é manter a mesma forma de traballo onde os nenos deban investigar sobre as súas propias aprendizaxes sen darlles "todo feito", é dicir, seguir cos proxectos de investigación e continuar traballando a comprensión e expresión oral así como o razoamento favorecendo o interese polo coñecemento.

Necesidade de ter a figura do orientador todos os días no colexio a xornada completa xa que doutra forma é imposible dar resposta a todas as problemáticas diarias da aula.

Necesidade de máis mestres de apoio así como de asesoramento, para o reforzo de nenos e nenas con dificultades.

Continuar cos apoios dos mestres, especialistas ao longo de todo o curso.

Prover de material manipulativo a aula.

Realización dalgún taller de educación emocional